




Dirección
Xeral de
Cooperación
Exterior



Informe 2008

de Cooperación Galega

XUNTA DE GALICIA

Dirección Xeral de Cooperación Exterior
Informe 2008 de Cooperación Galega

XUNTA DE GALICIA

**EDITA**

Dirección Xeral de Cooperación Exterior
Presidencia. Xunta de Galicia

TEXTOS E COORDINACIÓN EDITORIAL

Dirección Xeral de Cooperación Exterior

S.X. Política Lingüística

FOTOGRAFÍAS

Arquivo Dirección Xeral de Cooperación Exterior

DESEÑO E MAQUETACIÓN Octo Europa **IMPRIME:** Deputación da Coruña **DEPÓSITO LEGAL:** C 1579-2008

A impresión do Informe 2008 contou novamente coa colaboración da Deputación da Coruña, órgano ao que lle agradecemos o seu reiterado compromiso na axuda á transmisión das realidades dos países máis desfavorecidos do mundo.

Índice



Presentación: PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA	6
Prólogo: DIRECTORA XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR	8
01: Introducción MARCO XURÍDICO	10
02: Informe de obxectivos do Plan anual 2008	12
03: Proxectos e actuacións no exterior ÁFRICA AMÉRICA E CARIBE ASIA	34
04: Proxectos e actuacións en Galicia SENSIBILIZACIÓN: 23 PROXECTOS APROBADOS EN CONVOCATORIA E 5 CONVENIOS FORTALECEMENTO: 13 PROXECTOS APROBADOS EN CONVOCATORIA E 1 CONVENIO	68
05: Outras actividades	76



Presentación

A cooperación galega avanzou neste 2008 na terceira anualidade do Plan director da cooperación para o desenvolvemento. Foi un exercicio especialmente innovador e importante tanto pola oportunidade, por vez primeira, de beneficiarse das excepcións normativas que a nosa Lei de subvencións recolle para a materia da cooperación para o desenvolvemento, como pola creación e o pulo de novos instrumentos especialmente creados para o medio prazo, o que favorece o aumento do impacto e a garantía de apropiación e, xa que logo, de sustentabilidade das actuacións.

Ademais, ao longo do 2008, realizouse a primeira avaliación intermedia da estratexia participada por todos os axentes de cooperación galegos. A dita avaliación puxo de manifesto os moitos logros acadados e os moitos retos que aínda quedan por conseguir. Destacan, como salientabamos, avances en materia normativa, á vangarda das autonomías.

Hoxe en día, calquera axente de cooperación pode, á hora de tramitar unha subvención para o desenvolvemento dun

proxecto, ser eximida da presentación dun aval, percibir o 100% da anualidade en vigor ou adscribirse a un réxime de xustificación simplificado e orientado á avaliación por resultados.

Hoxe en día, subvenciónanse proxectos polo dobre do importe medio que no ano 2005, evitando a dispersión, aumentando a incidencia e o impacto dentro dunha maior sustentabilidade, abrindo para isto, en coherencia co anterior, unha nova convocatoria de programas a catro anos para ONGD e impulsando as iniciativas de desenvolvemento integral no eido da cooperación directa.

Hoxe en día, as canles e a información primordial parten definitivamente dende o terreo, onde xa existen técnicos expatriados para a coordinación de programas en contacto continuo cos beneficiarios e onde se aproveitan sinerxías con outros doadores e actores. As prazas de cooperantes en formación aumentaron de 4 a 14 e nelas incorporáronse destinos en organismos internacionais.



A pesar do incipiente esforzo avaliador, este indícanos que queda camiño por percorrer na medición dos impactos e procesos ou na retroalimentación dos resultados para o proceso planificador. É patente o reto da creación de consorcios de diversos tipos de actores, para o que precisamos que aumente a visión conxunta do obxectivo final, que non é outro que a loita contra a pobreza e as súas causas. É tamén fundamental seguir avanzando na sensibilización e na asunción dunha visión da cooperación que se sustente, por riba da necesaria solidariedade, cada vez máis na responsabilidade.

O nivel de esixencia cara aos axentes da cooperación e cara ás propias actuacións da institución incrementouse, o aliñamento coa Declaración de París sobre a eficacia da axuda ao desenvolvemento así o require. Para operar de xeito coherente na procura do desenvolvemento, hai que tender ao cumprimento progresivo de todos os principios que esta declaración estableceu no 2005: apropiación, harmonización e complementariedade, aliñamento, xestión orientada a resultados e mutua responsabilidade.

No marco do establecido na Declaración Universal de Dereitos Humanos, da que acabamos de celebrar o seu 60 aniversario, e baixo a consideración do desenvolvemento como un destes dereitos fundamentais, continúaase a traballar nos sectores establecidos no vixente plan director, incidindo especialmente na cobertura de necesidades sociais básicas, na participación social, desenvolvemento institucional e no bo goberno, mantendo a concentración xeográfica en América Latina e África como zonas prioritarias establecidas.

En Galicia, tanto o fortalecemento do sector coma as tarefas de sensibilización e concienciación da nosa sociedade civil recibiron apoio, por riba das expectativas do plan director, conseguindo sumar esforzos con outras entidades públicas ou privadas, permitíndolles o acceso directo á información a máis de 25.000 novos galegos e galegas.

A xeración de debate arredor do discurso e as ideas de figuras internacionais de primeira liña, así como arredor de profesionais e expertos no que a cooperación para o desenvolvemento se refire, abriu novamente, nun momento internacionalmente complexo, máis espazos sobre a necesidade de reflexión e acción, na implementación de cambios estruturais para a xestión eficaz e sustentable dos recursos.

Este terceiro ano da nova etapa da cooperación galega déixanos, polo tanto, a satisfacción dun gran camiño aberto e o reto de percorrelo ata o final, mantendo o progresivo incremento de medios e o esforzo no logro dunha maior eficacia da axuda oficial para o desenvolvemento galego, os máis de 300.000 beneficiarios directos e 2,7 millóns de indirectos así o merecen.

Emilio Pérez Touriño
PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA



Prólogo

O ano 2008 foi un ano de consolidación dos obxectivos e estratexias definidas no I Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento. Foi tamén un ano de reflexión de todo o sector sobre o moito acadado e os retos que aínda quedan por superar. A avaliación intermedia do plan e o I Foro da Cooperación Galega foron dous ámbitos nos que, coa participación de todos os axentes galegos, se fixeron moitas propostas que deberán ser afrontadas no futuro.

A avaliación do plan supuxo pór de manifesto a súa ambición, imprescindible para superar o atraso que a cooperación galega e os seus axentes, en fortaleza, estrutura ou capacidade, tiñan respecto doutras comunidades do Estado e para dignificar unha política pública ata ese momento practicamente inexistente como tal. Esta ambición obrigou a unha aceleración e esforzo notables no desenvolvemento de accións e iniciativas. Esta hiperactividade define os tres primeiros anos de vixencia do plan e supón un motivo de orgullo para todos os galegos e galegas

que dende o seu ámbito traballan a prol da solidariedade internacional.

No camiño fóronse evidenciando outros aspectos e requisitos non contemplados coa importancia que merecerían no plan, pero que si son imprescindibles para lle garantir á sociedade galega e ás poboacións beneficiarias no sur a calidade da cooperación.

A cooperación non pode ser feita dende un despacho, senón sempre en terreo, en contacto coas persoas beneficiarias dos proxectos e programas financiados, así como coas entidades públicas e privadas e axentes cos que se traballa, co convencemento de que non era e non é factible asegurarlle á sociedade galega o bo uso dos fondos públicos dedicados á solidariedade internacional sen unha presenza e un seguimento continuo do traballo en terreo.

O convencemento de que non existirá un sólido sistema de axuda se os valores sobre os que descansa semellante



política non están ben asentados nas condutas e esixencias da cidadanía. Promovendo unha política activa e integral de difusión das desigualdades no mundo e das súas causas, enfocada cara á superación destas, e de sensibilización e comunicación á sociedade galega da necesidade e a realidade da súa cooperación.

A constatación empírica en Galicia, pero tamén a partir da presenza en terreo de que a implicación da muller en calquera iniciativa de cooperación é garantía de compromiso e éxito e de que o presente e o futuro do desenvolvemento ou se fan dende o recoñecemento e o liderado da muller ou non serán factibles.

A realidade e a grata sorpresa é que a riqueza e o potencial de implicación de persoas, sectores e entidades da sociedade galega en accións de cooperación é extraordinariamente superior ao que se prevía cando se aprobou o plan: consellerías e organismos da Xunta de Galicia, universidades, empresas, consultoras, organizacións sociais de discapacidade, medio ambiente,

reinserción laboral, atención e prevención de drogo-dependencias, asociacións e colexios profesionais, atención inmigrantes, etcétera.

A esixencia que supón cumprir estes requisitos, tal e como se afrontaron no 2008, fan que a cooperación galega teña un recoñecemento crecente no exterior e noutras comunidades autónomas, o que nos permite manter dende a Dirección Xeral de Cooperación Exterior o esforzo e o optimismo.

Un optimismo que é mérito de todos os axentes do sector galego de cooperación, como o é que no 2008 o 41% dos fondos se dedicasen a países menos avanzados, o dobre do establecido no plan director.

O reto da loita contra a pobreza e o de sermos máis esixentes segue aí. Sigamos avanzando.

Fabiola Sotelo Sotelo
DIRECTORA XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR



01: Introducción

“Non hai escusa para a pobreza hoxe en día, o mundo afoga en cartos, posuímos máis do que precisamos. A pobreza non é a cuestión, a riqueza é a cuestión, e ten que ser distribuída”

Susan George

PRESIDENTA DE HONRA DE ATTAC FRANCIA

Como afrontamos a cooperación para o desenvolvemento en tempos de crise? Nun mundo globalizado non é nin posible nin plausible o recurso ao proteccionismo nin á autarquía social, política ou económica. O entendemento da cooperación non só como un exercicio solidario, senón tamén como un exercicio de responsabilidade, así nolo indica: enfocar a loita contra a pobreza dende as súas causas e non só dende as súas consecuencias é o único camiño para o recoñecemento efectivo do desenvolvemento como dereito fundamental.



Marco xurídico

Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento: supón a consolidación e a expresión da responsabilidade e madurez da sociedade civil galega e das súas institucións.

Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento, Cincode (Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento), Cintercode (Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento), Congacode (Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento).

Decreto 44/2006, do 2 de marzo de 2006, a partir do cal se estruturan os órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia e se crea unha Dirección Xeral de Cooperación Exterior adscrita á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

E é de obrigada mención o I Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 24 de abril de 2006, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento.

O I Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento abarca a planificación estratéxica para os vindeiros 4 anos e as liñas principais recollidas artículanse segundo dous criterios: o sectorial e o territorial. A especialización sectorial, cuxo obxectivo fundamental é a loita contra a pobreza e as súas causas. No ámbito territorial dáselle prioridade segundo as áreas xeográficas, coa finalidade de concentrar as actuacións dos diferentes axentes da cooperación e favorecendo deste modo o impacto positivo no desenvolvemento das poboacións coas que se traballa.



02: Informe de obxectivos

No exercicio 2008, a cooperación galega desenvolveu o seu terceiro plan anual do vixente Plan director de cooperación para o desenvolvemento 2006-2009. A meirande parte dos obxectivos nel establecidos foron levados a cabo coa colaboración e a participación de moitos axentes de cooperación, así como doutros departamentos da Administración autonómica e doutras entidades públicas e privadas.

O Plan anual 2008 incidiu xa en obxectivos específicos de todos os obxectivos estratéxicos establecidos no I Plan director da cooperación para o desenvolvemento e deulles tamén continuidade aos seleccionados nos anteriores plans, correspondentes aos anos 2006 e 2007.

En canto ao primeiro obxectivo destinado a realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento; no 2008, o apoio



do Plan anual 2008

orxamentario continuou por riba do inicialmente establecido no plan director, un mínimo do 5%, e situouse no 7,24%.

Así, en alíñamento coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e concretamente dende a súa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, téñense en conta xa dentro da oferta formativa ao profesorado as liñas estratéxicas marcadas no plan director galego e estatal. No referente ao fomento de redes de intercambio de experiencias e solidariedade, esta mesma dirección xeral convocou unha orde conxunta de premios en valores democráticos, coa categoría de "Educación para a cooperación entre os pobos". Por outra parte, e a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, déuselle, como estaba previsto, un novo pulo ao Catálogo de recursos educativos, renovándoo e situándoo no Portal educativo desta consellería, accedendo polo menú de recursos educativos e polo portal temático de educación en valores. Máis de 45.000 usuarios especializados acce-

den a el e reciben información do seu contido a través do boletín das contas corporativas de educación. Cabe destacar que por medio deste instrumento se tratan periodicamente informacións e documentacións específicas en edicións especiais coma a que se fixo o pasado 8 de setembro, Día do Cooperante.

Por outra banda, é salientable a participación de alumnos e alumnas, especialmente de primaria, tanto nas actividades subvencionadas a diversas ONGD a través da convocatoria de proxectos de sensibilización, como nas actividades da campaña Achégate que este ano incidíu especialmente nos núcleos de poboación medianos e pequenos.

En canto ás accións de promoción da cooperación cos países en vías de desenvolvemento, a través da sensibilización e da concienciación do conxunto da poboación galega, as actuacións en materia de sensibilización articularonse tanto a través do apoio aos proxectos presentados na convocatoria específica para tal fin, que no

2008 financiou 23 proxectos cunha media de 16.050 euros, complementados co incremento de accións formativas neste aspecto, como a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD ou co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior, pola súa banda, licitou unha nova campaña específica para que lle dese continuidade á realizada en 2007, Achégate á cooperación galega. A campaña Achégate! 2008 estendeuse de xeito especial a núcleos de menor poboación e desenvolveuse en paralelo coa realizada de xeito itinerante polos centros comarcais da nosa comunidade, en colaboración coa Sociedade de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. A participación non se multiplicou por dous, senón por catro, e conseguiu implicar non só o alumnado de máis de 205 escolas de infantil, primaria, secundaria e educación especial, senón tamén as autoridades e medios de comunicación locais, así como as asociacións e agrupacións de moi diversa índole, cumprindo co obxectivo de lle achegar á sociedade galega non especialmente vinculada ao terceiro sector o coñecemento básico do que significa a cooperación para o desenvolvemento e do que os axentes da cooperación están a desenvolver especialmente nas zonas prioritarias de actuación.

Co gallo da celebración do Día de África, 25 de maio, difundíuse a gravación da reportaxe realizada en Mozambique.

Froito da relación e colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia, leváronse a cabo dúas conferencias: a primeira a cargo do doutor Victorio Torres Feded e da enfermeira Rosa Carracedo, con motivo do Día do Cooperante, e a segunda a cargo de Susan George, reputada analista e crítica política.

No tocante á comunicación, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior elaborou máis de cen ítems informativos, a metade deles foron recollidos pola prensa galega



nunha media de aparición semanal en artigos tanto nas páxinas de sociedade, coma nas de economía ou nas seccións locais, especialmente co gallo da campaña itinerante Achégate á cooperación galega 2008. A radio foi outro dos medios moi receptivos na difusión e apoio a esta campaña. Asemade, comezouse a colaboración co suplemento especializado do *Galicia Hoxe* "Altermundo", e déuselles cabida tanto ás actuacións coma aos feitos máis salientables impulsados pola Xunta de Galicia na materia, moitos deles protagonizados polos axentes da cooperación galega. A páxina web <http://www.cooperaciongalega.org>, na actualidade en proceso de remodelación e ampliación do seu xestor de contidos e da súa capacidade multimedia, foi visitada máis de 120.000 veces ao longo do ano. Finalmente, publicáronse 3 boletíns de *Galicia Cooper*.

No segundo obxectivo - fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto - mantense tamén o esforzo porcentual por enriba do previsto no plan director, acadando un peso relativo dun 3,93% sobre o referencial do 2%.

Tal e como estaba previsto, o reforzo da capacidade operativa da Dirección Xeral de Cooperación Exterior produciuse de xeito esencial no terreo, onde actualmente hai cinco técnicos expatriados en Guatemala, República Dominicana, Perú, Mozambique e Arxentina.

A través da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD, subvencionáronse este ano 13 proxectos cunha media de 17.330 euros por organización, o debate arredor da oportunidade da súa continuidade quedou patente nas suxestións recollidas no I Foro de Debate da Cooperación Galega, celebrado o mes de novembro de 2008, co gallo da avaliación intermedia do plan director; nel suxeríanse, entre outros puntos, a reformulación desta, para primar as entidades que teñan presenza significativa, medible e contrastable, en Galicia. Outra das propostas, referida ao acompañamento das



entidades, está directamente relacionada co recollido no Plan anual 2008 sobre a incorporación de 4 ONGD ao programa de acompañamento para o fortalecemento de entidades sen ánimo de lucro que Socialia (Obra Social de Caixa Galicia) desenvolve.

Coa Coordinadora Galega de ONGD, asinou un convenio bianual por un importe global de 180.000 euros, co que se apoian tanto a contratación de persoal e os gastos correntes desta entidade, coma accións de formación, sensibilización e incidencia. Isto supón practicamente triplicar o apoio que esta entidade, como referente do terceiro sector en Galicia, recibía no ano 2004.

Tamén se continuou coa colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asinándose igualmente un convenio bianual, por un importe de 125.000 euros, para o plan de sensibilización. O local é global, construíndo redes de cooperación.

No eido universitario, desenvolvéronse os tres encontros previstos nas tres universidades galegas e rematouse co labor de configuración dun mapa de actores da comunidade universitaria galega. Neste caso, e unha vez máis, faise patente en Galicia a riqueza de actores de cooperación, así como unha clara necesidade de impulsar a xeración de sinerxías no seo das universidades.



De novo déuselles apoio ás accións desenvolvidas dende a Universidade da Coruña, como o curso de especialización ou a convocatoria 0,7, os programas de coñecemento da realidade e os cursos de formación e actividades de sensibilización desenvolvidas dende a súa Oficina de Cooperación e Voluntariado. Coa Universidade de Santiago continuouse apoiando o Programa de doutoramento en economía coa Universidade da Habana, así como o Máster en xestión da cooperación internacional.

Unha mostra significativa do traballo realizado sobre este segundo obxectivo do plan director foi a celebración do I Foro de Debate da Cooperación Galega, con presenza de todos os axentes que dende Galicia fan cooperación; as conclusións do debate permiten retroalimentar o proceso planificador, así como axustar as expectativas do papel e as capacidades do sector. É salientable que dentro das propostas recollidas nas conclusións do foro, un número importante son liñas de traballo actualmente abertas e outras incorporáranse ás actuacións de futuro da cooperación galega.

En canto ao terceiro dos obxectivos do plan director - mellora da calidade técnica e operativa do sector: orientación cara ao cumprimento de obxectivos -, realizouse unha posta en común dos resultados xerais obtidos da avaliación externa realizada no 2007. Ao mesmo tempo, cun enfoque construtivo e de aprendizaxe permanente, como non podería ser doutro xeito, os resultados de cada unha das avaliacións foron compartidos, de xeito individual, cos actores implicados.

A lectura final deste proceso de avaliacións *ex-post* amosa un incremento paulatino da calidade dos proxectos e do seu impacto, reflectindo conclusións e recomendacións de gran relevancia para a xeración de boas prácticas e para unha aprendizaxe compartida en clave de sector.

No mes de maio, realizáronse os 8 cursos previstos dentro do Plan de formación e fortalecemento 2008, de novo con alta participación, e por vez primeira con dous niveis de afondamento: para persoas que principian a súa andadura na cooperación para o desenvolvemento e para técnicos xa máis expertos e coñecedores da materia.

Froito do proceso de pulo á incorporación do persoal da Administración galega aos proxectos e programas de cooperación foi a cristalización do acordo entre a Consellería de Sanidade e a Fundación para a Cooperación e a Saúde Carlos III, para a expatriación de persoal sanitario a Guínea Bissau, para a súa participación na formación de especialistas da saúde no país, en clara sinerxía cos proxectos e o programa alí aprobados con diversos axentes de cooperación no sector de referencia.

No tocante á ampliación e ordenación dos instrumentos de cooperación galega, cuarto obxectivo do plan director, o 2008 conformouse como o exercicio de posta en marcha de dúas novas e importantes convocatorias para ONGD, a de microproxectos e, especialmente, a de programas. A través da primeira, financiáronse sete pequenas actuacións a organizacións recentemente integradas no sector galego da cooperación para o desenvolvemento. Por medio da convocatoria de programas, colaborouse co financiamento de actuacións a medio prazo a catro ONGD; dúas en Guínea Bissau, unha en Angola e outra en Honduras e Nicaragua; tres delas no sector da cobertura das necesidades sociais básicas e unha no desenvolvemento do tecido produtivo; todas cunha forte compoñente transversal en xénero. Esta nova ferramenta encamiñase a apoiar procesos de transformación integrais, a través do financiamento de programas a tres ou catro anos, nos que tanto o nivel de esixencia ou a forte valoración das capacidades das entidades solicitantes e das súas contrapartes, por exemplo, perseguen un aliñamento completo coa



Declaración de París no 2005. Por outra banda, en cooperación directa, as iniciativas de desenvolvemento integral continúan a ser executadas en colaboración con ONGD e outro tipo de axentes.


En canto ao labor da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, esta xestionou preto de 600.000 €, tal e como se prevía no Plan anual 2008, destinados ás actuacións en fases de reconstrución postemerxencia e na prevención de riscos complementando o Programa de Retalhuleu–Champerico no caso de Guatemala



la. En Myanmar, cómpre salientar que se xestionou unha achega extraordinaria de 200.000 euros dirixidos á fase de rehabilitación.

O quinto obxectivo do plan director referido á implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación, materializouse tanto a través da colaboración doutros departamentos da Xunta de Galicia, na achega tanto de profesionais coma de recursos, así como no importante apoio da Deputación da Coruña e da Obra Social de Caixa Galicia no plan de formación e fortalecemento 2008, Coopera, xúntate.

Especialmente, nos programas de cooperación directa, e nos actuais procesos de identificación vixentes, cóntase co apoio de centros especializados en diversas tecnoloxías e coñecementos, procedan estes do mundo universitario (Honduras: desenvolvemento normativo e políticas de xénero), da actividade privada (tecido produtivo en Haití ou xestión da auga en Mozambique) ou da institucional (codesenvolvemento en Senegal ou formación sanitaria en Guinea Bissau).



En referencia ao sexto obxectivo, o do fomento do comercio xusto e o consumo responsable, cómpre salientar en primeiro lugar a posta en marcha, en marzo 2008, dunha comisión de traballo sectorial, na que por vez primeira e de xeito regular se reúnen representantes das administracións públicas, das ONGD, da iniciativa privada, do colectivo dos consumidores, da universidade e das obras sociais para facer propostas e buscar sinerxías encamiñadas á consolidación do comercio xusto como sector económico no noso país. Froito dos primeiros traba-

llos da comisión, e nesta filosofía de busca de colaboracións entre diversos actores, solicitóuselle de xeito oficial a Galicia Calidade a inclusión dos produtos de comercio xusto na Rede Galega de Comercio Rural. Do mesmo xeito, en plena sintonía co Instituto Galego de Estatística (IGE), fíxose unha proposta de preguntas e indicadores para introducir na Enquisa sobre as condicións de vida das familias que o IGE realizará en 2009, referidos ao gasto en comercio xusto por fogar. A relevancia desta iniciativa radica en que nos achegará por vez primeira información de carácter oficial relativa á demanda do comercio xusto en Galicia, o que permitirá planificar actuacións de futuro con base nos resultados da enquisa.

Por outra banda, co gallo da celebración do Día do Comercio Xusto tivo lugar unha xornada técnica na que se analizaron as posibilidades de desenvolvemento do sector. E tal e como se vén facendo dende a aprobación do plan director, tanto nas convocatorias para axudas a proxectos de cooperación no exterior, como nas destinadas a actuacións de sensibilización e formación ou fortalecemento de ONGD, seguiuise primando a presentación de propostas no eido do comercio xusto e do consumo responsable.

Por último, cómpre salientar que, dentro da campaña de sensibilización itinerante Achégate!, que percorreu máis de 60 localidades galegas, se reservou unha vitrina exclusiva para mostrar a diversidade de produtos que o comercio xusto ofrece.

En canto ao último dos obxectivos, elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega, é salientable a realización dos plans de actuación País de Ecuador, Senegal, Arxentina e Uruguai, todos eles en proceso final de ratificación co sector. Entrando xa na análise de adecuación ás porcentaxes e de repartimento dos fondos de AOD, procedemos ao establecemento dos cadros habituais repartidos por instrumento, área xeográfica e sector.



2008 en cifras


Comparativamente, respecto do curso 2006 as asignacións orzamentarias repartíronse como se detalla de seguido. Traballamos dende a cifra **comprometida pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior dos 12.047.993 de euros**, tendo en conta que o orzamento total para o 2007 foi de 9.372.343 de euros (co capítulo I, que abrangue persoal funcionario e eventual, serían 9.855.329 euros). É dicir, faise a análise dende o orzamento comprometido 2007/2008, como se viña facendo anteriormente e para poder establecer correctamente as comparativas:

	CONVOCATORIAS	CONVENIOS	CAP. VI	FAGH
Ano 2007/08	5.074.719,18	4.417.672,80	305.283,00	400.000,00
Ano 2008/2009	7.608.697,70	3.414.012,93	305.283,00	720.000,00
% sobre total 08	63,46	27,99	2,55	6,00
Diferenza ABS. 07 a 08	2.533.978,52	- 1.003.659,87	-	320.000,00
Diferenza % 07 a 08	49,93	- 24,02	-	80,00



Así, o esquema de repartimento orzamentario en función do instrumento empregado reflicte que as axudas se distribuiron do seguinte xeito:

Instrumentos 2008



Obsérvase un incremento dirixido á dotación das convocatorias, debido en gran medida á posta en marcha da convocatoria de programas e da convocatoria de microproxectos, ambas para ONGD. Dado que a excepción da convocatoria doutros axentes, o resto destas son exclusivas de ONGD como sector principal de traballo na cooperación para o desenvolvemento, se analizamos os recursos distribuídos por axente, destaca unha vez máis a preponderancia do traballo executado a través das ONGD avanzando ata preto do 70% na xestión da AOD galega pola apertura das dúas convocatorias mencionadas e o esgotamento dos fondos no caso da convocatoria ordinaria de proxectos no exterior.

Sectorialmente, é salientable a mellora á atención de sectores como a participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno, corrixindo a desviación do ano 2007, aínda que se observa que debido ao forte incremento no sector da cobertura das necesidades sociais básicas, sectores anteriormente máis axustados como a infraestrutura e a promoción do tecido económico, o investimento no ser humano e, moi especialmente, a defensa do medio ambiente, vense minorados no repartimento. Se se incorporan os proxectos financiados polos outros departamentos da Xunta de Galicia, estas porcentaxes melloran, sensiblemente no caso do investimento no ser humano e a promoción do tecido económico.



SECTOR	TOTAL 2008			PD	
	EUROS	N.º PROXECTOS	%	2006-2009	1998/05
DXCE				%	%
Cobertura das necesidades sociais básicas	4.904.101,56	30	40,70	27,00	32,80
Infraestrutura e promoción do tecido económico	1.463.834,37	15	12,15	21,00	16,47
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	1.883.132,83	12	15,63	16,00	11,96
Investimento no ser humano	1.107.797,67	5	9,19	12,00	8,99
Defensa do medio ambiente	175.561,93	1	1,46	7,00	6,53
Axuda humanitaria e de emerxencia	920.000,00	-	7,64	8,00	13,41
Sensibilización e educación para o desenvolvemento	874.557,95	28	7,26	5,00	3,77
Consolidación e fortalecemento de axentes	470.836,38	14	3,91	2,00	0,34
Sectores CAD non adscritos aos anteriores	248.170,95	-	2,06	2,00	5,74
TOTAL	12.047.993,64	105	100,00	100,00	100,00
NON ACUMULABLE					
TRANSVERSAL XÉNERO TERREO	2.125.276,20	13	17,64	-	-

SECTOR	TOTAL 2008			PD	
				2006-2009	1998/05
DXCE + OUTROS DEPARTAMENTOS	EUROS	N.º PROXECTOS	%	%	%
Cobertura das necesidades sociais básicas	5.251.487,30	33	36,14	27,00	32,80
Infraestrutura e promoción do tecido económico	2.099.284,37	20	14,45	21,00	16,47
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	2.046.087,83	16	14,08	16,00	11,96
Investimento no ser humano	1.692.989,55	12	11,65	12,00	8,99
Defensa do medio ambiente	323.561,93	2	2,23	7,00	6,53
Axuda humanitaria e de emerxencia	1.170.000		8,05	8,00	13,41
Sensibilización e educación para o desenvolvemento	892.557,95	29	6,14	5,00	3,77
Consolidación e fortalecemento de axentes	806.948,94	16	5,55	2,00	0,34
Sectores CAD non adscritos aos anteriores	248.170,95	-	1,71	2,00	5,74
TOTAL	14.531.088,82	128	100,00	100,00	100,00
NON ACUMULABLE					
TRANSVERSAL XÉNERO TERREO	2.189.149,20	17	15,07%	-	-




Xeograficamente, nos datos referidos á Dirección Xeral de Cooperación Exterior, desenvóléronse actuacións en 18 países, todos eles prioritarios ou preferentes, a excepción de Etiopía e Myanmar, este último por tratarse dunha actuación tras a emerxencia polo paso do ciclón *Nargis*. De novo destaca América Central e Caribe como principal rexión destino dos fondos de axuda galegos, en gran medida polo desenvolvemento de tres programas (un da convocatoria de programas para ONGD e dous IDI ou iniciativas de desenvolvemento integral). En América do Sur, Perú pasa a ser o segundo receptor de fondos da cooperación oficial galega e incorpórase Venezuela,

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA · DXCE

CONTINENTE	PAÍS	N.º PROXECTOS	%	ORZAMENTO
América do Sur	Bolivia	6	8,17	766.535,00
América do Sur	Ecuador	4	4,08	383.378,00
América do Sur	Perú	7	13,32	1.250.143,00
América do Sur	Venezuela	1	0,27	25.000,00
AMÉRICA DO SUR	TOTAL	18	25,84	2.425.056,00
América Central	Nicaragua	2	1,18	110.833,00
América Central	Honduras	1	1,61	151.200,00
América Central	Guatemala	9	8,86	831.406,50
América Central	O Salvador	4	5,86	550.167,00
América Central e Caribe	Cuba	2	2,52	236.548,00
América Central e Caribe	República Dominicana	5	5,70	535.036,00
América Central e Caribe	Haití	3	4,36	409.545,00
América Central	Varios	2	7,05	661.584,00
AMÉRICA CENTRAL	TOTAL	28	37,15	3.486.319,50
África	Mozambique	3	3,67	344.209,00
África	Cabo Verde	2	1,51	142.000,00
África	Senegal	3	0,62	58.215,20
África	Guinea Bissau	5	18,98	1.781.186,00
África	Angola	2	9,60	900.737,00
África	Etiopía	1	0,51	47.625,00
ÁFRICA	TOTAL	16	34,88	3.273.972,20
Asia	Myanmar	1	2,13	200.000,00
ASIA	TOTAL	1	2,13	200.000,00
TOTAL XERAL		63	100,00	9.385.347,70

país preferente, onde por vez primeira, na vixencia deste plan director, se financiou un pequeno proxecto a través da convocatoria de microproxectos; o peso específico desta rexión segue a ser importante, xa que en tres países prioritarios –Ecuador, Perú e Bolivia– atópanse o 25% dos fondos.

Malia que o gran salto cuantitativo o atopamos en **África**, especialmente na África lusófona, incorporando por vez primeira na vixencia deste plan director e, de xeito importante, a Angola, e aumentando moi considerablemente o esforzo en Guinea Bissau, o máis empobrecido dos países prioritarios da cooperación





galega, que pasa este ano a conformarse como primeiro receptor da axuda galega. Este apoio decidido cara a África fai incrementar tamén de xeito salientable a porcentaxe dedicada aos países menos avanzados (PMA), atopámonos ao redor do 40%, superando sobradamente o 20% establecido no plan director, debido maiormente ao pulo e aprobación de 3 programas e 13 proxectos no devandito continente.

Para o total dos **países prioritarios**, a porcentaxe fixada é dun máximo do 70%, malia que este ano as medidas de concentración para o aumento do impacto e o mencionado pulo polas actuacións a medio prazo fixeron que se incrementase o dato porcentual ata o 96%.

A media de financiamento por proxecto é de 148.973,77 euros.

(PMA, segundo a cualificación da UNCTAD, que son coincidentes cos países prioritarios da cooperación galega: Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Haití,

Mauritania, Mozambique e Senegal. Etiopía e Myanmar tamén son PMA).

Tendo en conta o conxunto da AOD destinada ao terreo de todos os departamentos da Xunta de Galicia, a concentración da axuda para os países prioritarios mantense por riba do 90%. O mesmo sucede coa axuda destinada a países PMA e a países con menor índice de desenvolvemento humano IDH. A media de financiamento por proxecto é de 138.726,87 €.

En canto ás **prioridades transversais**, e facendo referencia expresa á promoción da igualdade entre homes e mulleres, o I Plan director da cooperación galega 2006-2009 recoñece a necesidade de traballar a prol da eliminación das diferenzas entre mulleres e homes para conseguir un desenvolvemento máis xusto e eficiente. Máis aló do enfoque transversal, 13 proxectos incidiron en terreo de xeito directo na mellora e empoderamento da muller, alcanzando a porcentaxe do 17,6% dos fondos da DXCE, un total de 2.125.176,20 €. Se temos en conta o conxunto da AOD galega, a cifra de proxectos elévase a 17, os fondos a 2.189.149,20 €, se ben a porcentaxe descende ao 15,07%.

Rematando co repaso das cifras, convén dicir que as cifras achegadas polos outros departamentos da Xunta de Galicia se viron levemente incrementadas á previsión realizada no Plan anual 2008, debido á



incorporación dos convenios da Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Sanidade, con anualidade 2008. No cadro explicativo recóllese a nivel informativo o proxecto que a Consellería de Economía e Facenda está a desenvolver con

fondos europeos na Wilaya l'Oriental de Marrocos, así como os fondos de AECID que sustentan o proxecto que apoia a Consellería de Sanidade en Guinea Bissau. Malia que os ditos fondos non son AOD galega, preséntanse como novos exemplos de sinerxías e colaboracións con outros doadores.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA · DXCE + OUTROS DEPARTAMENTOS

CONTINENTE	PAÍS	N.º PROXECTOS	%	ORZAMENTO
América do Sur	Bolivia	6	6,66	766.535,00
América do Sur	Ecuador	5	4,61	531.378,00
América do Sur	Perú	9	12,75	1.468.528,00
América do Sur	Venezuela	1	0,22	25.000,00
América do Sur	Chile	1	0,21	24.000,00
América do Sur	Varios	1	0,87	100.000,00
AMÉRICA DO SUR	TOTAL	23	25,32	2.915.441,00
América Central	Nicaragua	3	3,77	434.218,74
América Central	Honduras	1	1,31	151.200,00
América Central	Guatemala	9	7,22	831.406,50
América Central	O Salvador	4	4,78	550.167,00
América Central e Caribe	Cuba	2	2,05	236.548,00
América Central e Caribe	República Dominicana	5	4,65	535.036,00
América Central e Caribe	Haití	3	3,56	409.545,00
América Central	Varios	2	5,75	661.584,00
AMÉRICA CENTRAL	TOTAL	29	33,09	3.809.705,24
África	Mozambique	6	6,28	723.082,88
África	Cabo Verde	3	1,27	146.455,00
África	Senegal	3	0,51	58.215,20
África	Guinea Bissau	7	16,69	1.921.186,00
África	Angola	2	7,82	900.737,00
África	Etiopía	1	0,41	47.625,00
África	Namibia	2	1,88	216.465,00
África	Varios	2	1,39	160.242,00
ÁFRICA	TOTAL	26	36,25	4.174.008,08
Asia	Myanmar	1	1,74	200.000,00
Asia	India	1	0,09	10.676,00
Asia	Siria	1	2,17	250.000,00
ASIA	TOTAL	3	4,00	460.676,00
3 Continentes	Varios	2	1,34	154.500,00
TOTAIS		83	100,00	11.514.330,32

CONSELLERÍA	DEPARTAMENTO	PROXECTO	PAÍS
Vicepresidencia	Servizo Galego de Igualdade	Guía para o traballo de auto-estima con grupos de mulleres	Cabo Verde
	Secretaría Xeral de Igualdade	Erradicación do infanticidio feminino en Salem; ONGD implicadas no desenvolvemento	India
	Secretaría Xeral de Igualdade	Fortalecemento Asociación AVIMAS; ONGD Ecos do Sur	Mozambique
Economía e Facenda	Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios	Fortalecemento da Wilaya l'Oriental	Marrocos
Sanidade	Secretaría Xeral do SERGAS	Apoio á formación e intervención preventiva de drogodependencias	Chile
	Secretaría Xeral da Consellería	Fortalecemento do sector da saúde	Guinea Bissau
Medio Ambiente	Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible e Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	Constitución do núcleo de Sustentabilidade no Cantón de Pimampiro	Ecuador
Pesca e AA.MM.	Secretaría Xeral	Formación, diagnóstico e dotación de equipamento en vixilancia pesqueira	Cabo Verde, Guinea Bissau, Sao Tomé e Príncipe
	Secretaría Xeral	Posta en funcionamento da Escola Náutico Pesqueira de Bolama	Guinea Bissau
	Secretaría Xeral	Seminario avanzado de asociacionismo no sector da pesca e da acuicultura	Mozambique, Angola, Guinea Bissau, Guinea Ecuatorial, Sao Tomé e Príncipe
	Secretaría Xeral	Desenvolvemento da acuicultura rural	Mozambique
	Secretaría Xeral	Reforzo das capacidades para a mellora do control de calidade de produtos da pesca	Mozambique
	Secretaría Xeral	Acuicultura continental en Namibia II: fábrica de pensos	Namibia
	Secretaría Xeral	Reforzo dos niveis de formación no Instituto Marítimo Pesqueiro de Namibia	Namibia
	Secretaría Xeral	Capacitación no procesamento e comercialización do atún	México, Guatemala, O Salvador, Ecuador, Perú, Brasil, Arxentina, Senegal e Namibia
	Secretaría Xeral	Programa de extensionismo pesqueiro no norte de Perú	Perú
	Secretaría Xeral	Apoio ao desenvolvemento de actividades acuícolas e de manexo	Perú
	Secretaría Xeral	Fortalecemento da Rede de Comunidades Pesqueiras Artesanais polo Desenvolvemento Sustentable	Arxentina, Brasil, Chile e Uruguai
	Secretaría Xeral	Foro internacional de prevención de riscos e saúde laboral no sector pesqueiro artesanal, en colaboración con AGAMAR	India, Tailandia, Indonesia, Sri Lanka, Filipinas, Uganda, Senegal, Guinea, Sudáfrica
	Secretaría Xeral	Curso de cooperación ao desenvolvemento e acuicultura	Galicia
Traballo	D. Xeral de Promoción do Emprego	Fortalecemento ONGD	Galicia
Vivenda e Solo	Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda	Rehabilitación campo de refuxiados palestinos de neirab, 2ª fase	Siria
	Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda	Mellora das condicións de habitabilidade e salubridade de 30 familias en Choroteca	Nicaragua
Educación, en colaboración con Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, de Política Territorial, de Innovación e Industria, de Sanidade e de Medio Ambiente	Dirección Xeral Ordenación e Innovación Educativa	Premio en valores democráticos: educación para a cooperación entre os pobos	Galicia

ZONA	PARCEIRO	CONC. 08	FONDOS EXT
Ribeira Grande, Santiago	Asociación para a Cooperación con Cabo Verde e Asociación Lilith	4.455,00	-
Tamil Nadu	Grupo de Mulleres Local	10.676,00	-
Maputo	Asociación de viúvas e mais solteiras (AVIMAS)	13.500,00	-
Wilaya l'Oriental	Wilaya l'Oriental	-	1.130.000
Santiago de Chile	Asociación Niños Entrecalles	24.000,00	-
Xeral	Fundación para Cooperación e Saúde Internacional Carlos III Ministerio de Saúde Pública e Escola Nacional de Saúde	20.000,00	382.966
Imbabura	Adepi: Axencia de Desenvolvemento Provincial de Imbabura	148.000,00	-
Xeral	Ministerios de Pesca dos países de referencia	125.000,00	-
Bolama	Ministerio de Pesca de Guinea Bissau: Dirección Xeral de Pesca Artesanal	120.000,00	-
Xeral	Ministerios de Pesca dos países de referencia	35.242,00	-
Niassa	Instituto de Investigacións Pesqueiras	146.000,00	-
Xeral	Instituto Nacional de Inspeccao do Pescado	219.373,88	-
Norte	Ministerio de Pesca Namibio	156.465,00	-
Xeral	NAMFI	60.000,00	-
Xeral	Ministerios de Pesca dos países de referencia	97.900,00	-
Tumbes e Piura	Dirección Xeral de Pesca Artesanal, Ministerio da Producción	135.085,00	-
Pisco e Ica	Asociacións do cultivo da concha de abano	83.300,00	-
Xeral	RECOPADES	100.000,00	-
Xeral	Participantes do WFFP: World Forum of Fisher People	56.600,00	-
Xeral	Fundación CETMAR	55.000,00	-
Xeral	-	281.112,56	-
Sur de Aleppo	FOGACOSOL / UNRWA e AGRAP	250.000,00	-
Togogalpa	FOGACOSOL / Instituto de Promoción Humana - Somoto	323.385,74	-
Xeral		18.000,00	-
TOTAIS		2.483.095,18	1.512.966,10

Seguimento de obxectivos do plan director na anualidade 2008



1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.	2008
	Accións realizadas ou en curso
1.1 Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable.	- Aumento 5% convocatoria sensibilización. - Catálogo recursos educativos e difusión a todos os centros e profesorado xunto á Consellería de Educación.
1.2 Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidariedade.	- Convenio Coordinadora Galega ONGD. - Convenio Fondo Galego de Cooperación. - Incremento persoal en terreo (bolsas cooperación, PCR, funcionarios municipais). - I Foro da Cooperación Galega. - Conferencia de Susan George. - Reportaxes cooperación galega en Mozambique e Perú coa Televisión de Galicia. - Boletíns 1, 2 e 3 <i>Galicia Coopera</i>.
1.3 Normalizar a avaliación e seguimento do impacto das accións de comunicación realizadas.	- Campaña de sensibilización Achégate en centros comarcais e nova campaña en 60 concellos galegos xunto á Deputación da Coruña e Caixa Galicia.
1.6 Encontros de deseño e avaliación entre os axentes implicados nas accións de sensibilización.	- Estudo impacto accións de educación ao desenvolvemento. - Cursos específicos de formulación de proxectos de sensibilización.





2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto.	2008
	Accións realizadas ou en curso
2.1 Fortalecemento técnico e humano da unidade responsable da política de axuda.	- Incorporación persoal funcionario pendente (3) e apoio técnico puntual.
2.2 Fortalecemento da capacidade directiva e de coordinación da Dirección Xeral de Cooperación Exterior no fomento do traballo conxunto entre consellerías e departamentos da Xunta de Galicia, conseguindo unha maior eficiencia das actuacións.	- Realizadas, propostas ou en curso, accións coas consellerías de Medio Ambiente, Pesca, Vivenda, Desenvolvemento Rural, Sanidade, Educación, Traballo, Economía.
2.3 Pulo das iniciativas de consolidación e fortalecemento a ONGD.	- Convocatoria específica Fortalecemento ONGD. Programa Coopera, xúntate con Caixa Galicia. - Proceso certificación entidades en nova convocatorias programas.
2.4 Fortalecer a Coordinadora Galega de ONGD.	- Convenio específico 2008/2009 asociado a plan estratéxico.
2.5 Fomentar as iniciativas conxuntas coa cooperación local e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.	- Programas cooperación Cabo Verde e Cuba e convenio de sensibilización bianual.
2.6 Fomentar a integración entre as accións das universidades galegas e as realizadas polo resto de axentes e pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior.	- Actualización mapa de actores universitarios. - Xornadas sobre cooperación universitaria nas 3 universidades. - Deseño convocatoria específica cooperación e investigación. - Redeseño da convocatoria actual de cooperación outros axentes para universidades.
2.7 Promover espazos de encontro entre actores que impliquen o fortalecemento do sector.	- Proceso participativo avaliación intermedia plan director. - Día do Cooperante 2008. - I Foro da Cooperación galega.
2.8 Potenciar a colaboración e o traballo conxunto entre os actores en todos os medios de axuda.	- Elaboración borradores PAP Ecuador e Senegal.
2.9 Elaborar un informe cero e unha memoria anual sobre a cooperación galega para o desenvolvemento.	- Publicado Informe 2007.

3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos.	2008
	Accións realizadas ou en curso
3.1 Desenvolver un plan anual de avaliacións externas da axuda.	- Avaliados 90 proxectos en Bolivia, Perú, Ecuador, Nicaragua, Honduras, O Salvador, Guatemala, Cuba e República Dominicana. Difundidos informes a todas as entidades.
3.2 Organización de encontros de avaliación dos proxectos por país e/ou sector de actuación.	- I Foro da Cooperación Galega.
3.3 Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da cooperación galega.	- Programa Coopera, xúntate con Caixa Galicia: cursos de formulación proxectos de cooperación e sensibilización, ademais dos específicos organizados por ONGD, coordinadora de ONGD e universidades da Coruña e Santiago.
3.4 Reforzar a investigación das causas do subdesenvolvemento, os novos xeitos de cooperación e o aumento da calidade e da experiencia compartida da cooperación galega.	- Financiada convocatoria investigación fondo 0,7 UDC.
3.6 Incrementar as bolsas de formación nas OTC, en organismos de cooperación e financiar a contratación de cooperantes especializados.	- Ofertáronse 15 bolsas de formación en organismos internacionais (FAO, UNIFEM e OEI), OTC da AECID e DXCE. - Técnicas cooperación en programas Guatemala, Perú, Mozambique e Rep. Dominicana.
3.7 Facilitar a participación de funcionarias e funcionarios da Administración pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento.	- Financiado programa vacacións con traballo do Fondo Galego de Cooperación para funcionarios municipais. - Iniciado desenvolvemento programa Rede Galega de Funcionarios Cooperantes.
4. Ampliación e ordenación dos medios da cooperación galega.	2008
	Accións realizadas ou en curso
4.1 Potenciación das liñas de financiamento a ONGD e outros axentes de cooperación.	- Mantemento convocatorias proxectos ONGD e outros axentes, sensibilización e fortalecemento. - Novas convocatorias programas (3/4 anos) e microproxectos.
- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Implicadas no Desenvolvemento
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 200 persoas por vía directa. Indirectamente, aproximadamente o obxectivo é chegar ao 40% da poboación galega
- **ORZAMENTO TOTAL:** 23.248,36 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 12.748,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

CAMPAÑA EDUCATIVA POLA DIGNIFICACIÓN DOS DEREITOS LABORAIS

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Solidariedade Internacional Galicia
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** directamente, 1.200 alumnas e alumnos beneficiarios da acción. Indirectamente, 15.500 persoas terán acceso aos contidos da campaña
- **ORZAMENTO TOTAL:** 31.372,25 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 27.115,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

CAMPAÑA PARA O FOMENTO DA INTERCULTURALIDADE

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Solidariedade Internacional Galicia
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)



- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** un total de 3.600 alumnas e alumnos, os que gozarían directamente dos resultados
- **ORZAMENTO TOTAL:** 19.914,25 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 15.237,00 €
- **CARÁCTER:** anual

CHINCHAYSUYO E A COOPERACIÓN GALEGA NA FRONTEIRA ECUATO-PERUANA. TRES ANOS DE INTERVENCIÓN NUNHA ZONA POSCONFLITO

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Axuda en Acción (Fundación)
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** sociedade galega en xeral
- **ORZAMENTO TOTAL:** 25.059,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 22.111,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

CIDADANÍA EN REDE: PROGRAMA DE PARTICIPACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL DE MOZAS E MOZOS, EDUCADORAS E EDUCADORES GALEGOS

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Entreculturas Fe e Alegría (Fundación)
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 6.750 30 profesoras e profesores e mozos e mozas. Indirectamente, 10.000 persoas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 23.000,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 20.700,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

CINCO CURSOS EN GALICIA. CAPACITACIÓN DO COLECTIVO DE ENFERMEIRAS E ENFERMEIROS GALEGOS COMO AXENTES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Fundación para o Desenvolvemento da Enfermería (Fuden)
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)

- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 125 profesionais de enfermaría de atención primaria e especializada dos centros sanitarios públicos de Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 32.669,82 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 19.035,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

DESENVOLVEMENTO DO XIV CURSO-OBRADEIRO DE FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO INTERNACIONAL. INTERDEPENDENCIA SOLIDARIA

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** InteRed Galicia
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** alumnado das tres universidades galegas. Persoas en xeral
- **ORZAMENTO TOTAL:** 9.061,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 8.155,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

EDUCA PARA O DESENVOLVEMENTO CON UNICEF GALICIA

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
Axente: UNICEF
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 500 centros de secundaria
- **ORZAMENTO TOTAL:** 6.526,61 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 5.874,00 €
- **CARÁCTER:** anual

FORMACIÓN, PARTICIPACIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS OBXECTIVOS DO MILENIO (ODM)

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Asemblea de Cooperación Pola Paz
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 26.827,91 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 18.433,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual



FORMAR E SENSIBILIZAR A SOCIEDADE GALEGA NO ÁMBITO DA SAÚDE E DOS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Paz e Desenvolvemento
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 600 rapazas e rapaces que participarán nos ditos obradoiros
- **ORZAMENTO TOTAL:** 27.833,78 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 24.614,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

FOTOGRAFÍA, VIDAS AO REDOR DA SIDA II

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Médicos do Mundo Galicia
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 19.987,60 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 17.078,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

PORTAL EDUCATIVO TU TURNO, MI TURNO, CONSUMO RESPONSABLE

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Taller de Solidariedade (Fundación)
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 519 centros de educación secundaria. Uns 139.766 matriculados en ensinanzas secundarias en Galicia sempre en cifras potenciais



- **ORZAMENTO TOTAL:** 21.872,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 18.200,00 €
- **CARÁCTER:** anual

PROGRAMA DE EDUCATIVO PARA PRIMARIA E SECUNDARIA SOBRE COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE CONSUMO, PARA PEQUENOS CIDADÁNS

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** A Cova da Terra
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 650 alumnas e alumnos co seu correspondente profesorado (700 persoas), nas intervencións directas e poñer os materiais á disposición de 100 centros educativos
- **ORZAMENTO TOTAL:** 18.626,95 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 14.880,00 €
- **CARÁCTER:** anual

PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALICIA CON VISTAS AO SUR

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Amarante para o Ecodesenvolvemento
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** a totalidade da poboación galega
- **ORZAMENTO TOTAL:** 10.700,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 9.630,00 €
- **CARÁCTER:** anual

PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN DE CONSUMO RESPONSABLE EN-CADEADAS OU QUEN PRODUCE O QUE CONSUMIMOS

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Amarante para o Ecodesenvolvemento
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** todas aquelas persoas que se acheguen ás convocatorias das diferentes actividades, as que teñan realización directa co mundo do téxtil e

todas aquelas con interese noutras formas de banca. Indirectamente, o resto da cidadanía

- **ORZAMENTO TOTAL:** 21.100,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 16.000,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

SENSIBILIZACIÓN ESPECÍFICA SOBERANÍA ALIMENTARIA

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Veterinarios Sen Fronteiras, Vetermon
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** 712.419 persoas
- **ORZAMENTO TOTAL:** 22.279,68 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 19.830,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

SOBERANÍA ALIMENTARIA PARA O DESENVOLVEMENTO HUMANO SUSTENTABLE

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Emaús Fundación Social
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** a sociedade galega no seu conxunto
- **ORZAMENTO TOTAL:** 32.630,16 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 10.265,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

A CAMPAÑA MUNDIAL POLA EDUCACIÓN EN GALICIA NO 2008

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** sensibilización e formación
- **AXENTE:** Intermon Oxfam (Fundación)
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA:** comunidade educativa: centros escolares, institucións públicas galegas, medios de comunicación
- **ORZAMENTO TOTAL:** 9.913,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 9.413,00 €
- **CARÁCTER:** anual



PLAN DE SENSIBILIZACIÓN 2008-2009: O LOCAL É GLOBAL, CONSTRUÍNDO REDES DE COOPERACIÓN

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- **CÓDIGO/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA:** socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: cadros políticos, persoal técnico das entidades socias (concellos e deputacións), poboación xeral destas entidades locais
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA INDIRECTA:** a comunidade educativa galega, o tecido asociativo galego, entidades locais non socias, ONGD, sindicatos, comunidade universitaria, poboación xeral
- **ORZAMENTO TOTAL:** 146.090 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 125.620 €

FORMACIÓN DE EXPERTOS LATINOAMERICANOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL - CURSO 2008/2009

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Universidade de Santiago de Compostela
- **CÓDIGO/s CRS:** 99820 Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento
- **ORZAMENTO TOTAL:** 92.327,46 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 27.165,00 €
- **CARACTER:** plurianual

PROXECTO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Universidade da Coruña
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)

- **POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA:** mozos e mozas universitarios/as, profesionais interesados/as no tema, profesores/as investigadores/as da universidade
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA INDIRECTA:** público xeral
- **ORZAMENTO TOTAL:** 104.500,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 40.000,00 €
- **CARÁCTER:** anual

PROXECTO DE APOIO Á REALIZACIÓN DO IX MÁSTER EN XESTIÓN DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL E DAS ONG

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Universidade de Santiago de Compostela
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA:** licenciados, enxeñeiros, arquitectos ou diplomados con dous anos de experiencia
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA INDIRECTA:** organizacións e institucións galegas que traballan en cooperación
- **ORZAMENTO TOTAL:** 106.418,21 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 56.800,00 €
- **CARÁCTER:** anual

CURSO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE POSGRAO: COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN DE ORGANIZACIÓN NON GOVERNAMENTAIS. IV ED. 2007-2008

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Universidade da Coruña
- **CÓDIGO/s CRS:** sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento (99820)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA:** entre 20 e 30 titulados universitarios que traballen en cooperación internacional para o desenvolvemento ou profesionais doutros sectores que desexen traballar en cooperación ao desenvolvemento
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA INDIRECTA:** organizacións e institucións galegas que traballan en cooperación
- **ORZAMENTO TOTAL:** 33.464,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 23.464,00 €
- **CARÁCTER:** anual

Fortalecemento 13 proxectos aprobados en convocatoria e 1 convenio



CONSOLIDACIÓN III FASE: REFORZO DAS ÁREAS DE TRABALLO

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Amigos da Terra Galicia
- CÓDIGO/s CRS: apoio a ONGD nacionais (92010)
- ORZAMENTO TOTAL: 24.376,00 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 21.490,00 €
- CARÁCTER: plurianual

CONSOLIDACIÓN DA OFERTA EDUCATIVA EN COMERCIO XUSTO E CONSUMO RESPONSABLE DO CENTRO DE RECURSOS KANDAHARIA

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: A Cova da Terra
- CÓDIGO/s CRS: Apoio a ONGD nacionais (92010)
- ORZAMENTO TOTAL: 26.595,10 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 18.627,00 €
- CARÁCTER: anual

DESENVOLVEMENTO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E FORTALECEMENTO DAS ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN, INCIDENCIA POLÍTICA E COMUNICACIÓN DA FUNDACIÓN PAZ E SOLIDARIEDADE EN GALICIA

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Paz e Solidariedade (Fundación)

- CÓDIGO/s CRS: apoio a ONGD nacionais (92010)
- ORZAMENTO TOTAL: 31.536,72 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 18.000,00 €
- CARÁCTER: plurianual

FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO E PERSOAL LABORAL E FORTALECEMENTO DA ÁREA DE COOPERACIÓN

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Solidariedade Internacional Galicia
- CÓDIGO/s CRS: apoio a ONGD nacionais (92010)
- ORZAMENTO TOTAL: 32.692,00 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 22.376,00 €
- CARÁCTER: plurianual

FORTALECEMENTO DA ÁREA DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FUNDACIÓN ENTRECULTURAS EN GALICIA (2.ª FASE)

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Entreculturas Fe e Alegría (Fundación)
- CÓDIGO/s CRS: apoio a ONGD nacionais (92010)
- ZONA DE ACTUACIÓN: Galicia
- ORZAMENTO TOTAL: 35.000,00 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 15.600,00 €
- CARÁCTER: plurianual

FORTALECEMENTO DA DELEGACIÓN EN GALICIA DE ACCIÓN CONTRA A FAME

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Acción contra a Fame (Fundación)
- CÓDIGO/s CRS: apoio a ONGD nacionais (92010)
- ZONA DE ACTUACIÓN: Galicia
- ORZAMENTO TOTAL: 17.170,00 €
- SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA: 15.195,00 €
- CARÁCTER: plurianual

FORTALECEMENTO DO DEPARTAMENTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL DE MÉDICOS DO MUNDO EN GALICIA

- TIPO DE CONVOCATORIA: consolidación ONGD
- AXENTE: Médicos do Mundo Galicia



- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 24.098,44 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 17.999,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

FORTALECEMENTO DO DEPARTAMENTO DE SENSIBILIZACIÓN E MELLORA DA CAPACIDADE DE XESTIÓN DO EQUIPO DE FM EN GALICIA

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** Farmacéuticos Mundi
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 22.170,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 18.000,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

FORTALECEMENTO INCIDENCIA VSF 2

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** Veterinarios sen Fronteiras - Vetermon
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 20.806,63 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 14.000,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

FORTALECER AS LIÑAS TRANSVERSAIS DE AMARANTE SETEM - CONSUMO RESPONSABLE, ECODESENVOLVEMENTO E POLÍTICAS DE XENERO

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** Amarante para o Ecodesenvolvemento
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 27.580,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 21.822,00 €
- **CARÁCTER:** anual

FORTALECEMENTO E CONSOLIDACIÓN INSTITUCIONAL DE EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS EN GALICIA

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** Educación sen Fronteiras
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)

- **ORZAMENTO TOTAL:** 29.132,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 14.100 €
- **CARÁCTER:** plurianual

IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMPRESA DA IMPORTADORA DE COMERCIO XUSTO DE TALLER DE SOLIDARIDADE

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** Taller de Solidariedade (Fundación)
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ORZAMENTO TOTAL:** 26.200,00 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 16.900,00 €
- **CARÁCTER:** plurianual

PROXECTO PARA O FORTALECEMENTO E DIFERENCIACIÓN DO UNICEF COMITÉ GALICIA COMO UNHA ORGANIZACIÓN DE ACCIÓN EN COOPERACIÓN

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** consolidación ONGD
- **AXENTE:** UNICEF
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **ZONA DE ACTUACIÓN:** Galicia
- **ORZAMENTO TOTAL:** 12.423,41 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 11.181,00 €
- **CARÁCTER:** anual

PROXECTO DE FORTALECEMENTO DO SECTOR DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO GALEGO 2008-2009

- **TIPO DE CONVOCATORIA:** convenios
- **AXENTE:** Coordinadora Galega de ONGD ONGDS
- **CÓDIGO/s CRS:** apoio a ONGD nacionais (92010)
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA DIRECTA:** as 45 ONGD que actualmente integran a coordinadora
- **POBOACIÓN BENEFICIARIA INDIRECTA:** resto de axentes de cooperación ao desenvolvemento
- **ORZAMENTO TOTAL:** 202.314,56 €
- **SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA:** 180.000,00 €
- **CARÁCTER:** anual



05: Outras actividades

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN ACHÉGATE! 2008

Achégate! foi novamente unha exposición visual. Mediante paneis amósanse os proxectos levados a cabo no sur pola cooperación galega dende unha perspectiva humana, directa e obxectiva. Comezou a súa andaina no ano 2007, como exposición itinerante que agora mesmo está a visitar os centros comarcais de Galicia coa colaboración da Sociedade Galega de Desenvolvemento Comarcal, pero que percorreu inicialmente cinco cidades galegas co gallo de sensibilizar e informar sobre o traballo da cooperación galega. Dado o éxito desta iniciativa, e contando este ano coa colaboración da Obra

Social Caixa Galicia e da Deputación da Coruña, decidiuse darlle maiores mobilidade e énfase. Esta exposición visitou máis de 60 concellos galegos en 90 días de percorrido por máis de 5.000 quilómetros da nosa xeografía, multiplicando por cinco o número de visitantes, que este ano ascendeu a máis de 15.000 persoas.

A plataforma móbil da exposición dispón no seu interior dunha superficie de 70 m², onde se distribúen unha exposición gráfica de 80 imaxes e unha sala para actividades infantís e reunións informativas perfectamente acondicionadas. O espazo

repartiuse así en catro áreas: paneis temáticos, área de actividades e conta-contos, recuncho multimedia e expositor de comercio xusto.

Os obxectivos perseguidos foron:

- **Difundir** as accións da cooperación galega dende unha óptica próxima e persoal.

- **Contribuír** a unha política integral de difusión das desigualdades no mundo, convidando a unha fonda reflexión sobre a pobreza e as súas causas.

- **Darlle pulo** á loita global contra a pobreza en Galicia.



- **Transmitir** o sentido de xustiza e responsabilidade cos pobos menos desenvolvidos.

- **Aumentar** a conciencia nunha cidadanía responsable, solidaria e activa.

- **Formar** a sociedade galega, especialmente os rapaces, na convivencia, respecto, tolerancia, xustiza, liberdade e interese polas cuestións públicas e colectivas.

CATÁLOGO DE RECURSOS EDUCATIVOS NA WEB DE COOPERACIÓN GALEGA

Os centros educativos para o curso 2008-09 xa teñen ao seu dispor novos recursos para formar os escolares nos valores da cooperación e da responsabilidade no catálogo actualizado que lles ofrece Cooperación Galega no seu sitio web e no da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nel poderán atopar os proxectos presentados polas ONGD radicadas en Galicia que traballan en educación para o desenvolvemento, agrupados en áreas temáticas fundamentais: saúde, convivencia, xustiza social e consumo responsable; e con referencias á poboación estudiantil á que se dirixen: primaria, secundaria,

bacharelato, ademais de documentos de consulta e datos de contacto das organizacións.

Con esta iniciativa, persegue os seguintes obxectivos:

1) Servir de apoio curricular directo e/ou de acción tutorial á





hora de planificar os contidos do curso académico. De aí, o esforzo feito para telo disposto nos días de comezo das actividades lectivas.

2) Ofrecer unha ferramenta (un banco de recursos en liña) útil e universal de participación activa na educación para o desenvolvemento.

3) Achegarlle ao profesorado, que xa está en gran medida involucrado en educación para o desenvolvemento, os proxectos de sensibilización da cooperación galega destinados ao eido educativo.

As ONGD cederon os contidos para este novo catálogo de recursos educativos.

SENSIBILIZANDO CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

O Fogacosol é unha entidade plural que agrupa na actualidade noventa e oito concellos e as catro deputa-

cións provinciais de Galicia, comprometidas coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países.

Co convenio asinado coa Dirección Xeral de Cooperación Exterior, desenvolve o plan de sensibilización 2008-2009, O local é global, construíndo redes de cooperación.

As actividades susténtanse en tres piares básicos: pensar-reflexionar, con actividades formativas especialmente dirixidas aos responsables políticos do eido local, con oito cursos de formación e o apoio aos encontros da Rede Municipalista Solidaria; facer-actuar, a través do programa Vacacións con traballo e do programa Teatro con fondo e, por último, Ver-coñecer para mostrar a través da elaboración dun informe da cooperación municipal, dos boletíns *Infórmate a fondo IAF*, da páxina web, da memoria ou das actividades de intercambio con organizacións dos países do sur, o potencial dos concellos nas actuacións da cooperación para o desenvolvemento.

CELEBRACIÓN DO 8 DE SETEMBRO, DÍA DO COOPERANTE

Este acto formou parte do plan de fortalecemento e formación 2008 Coopera, xúntate. Na sede da Fundación Caixa Galicia celebrouse a conferencia "Na procura dos derei-

tos, traballando co sur na saúde", que acolle numerosos representantes das ONGD coruñesas, unha alta representación do colectivo médico e sanitario da cidade e conta tamén coa presenza de membros da Deputación da Coruña e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

O doutor Victorio Torres, da Asociación VIHDA, Kenya, destacou a importancia de colaborar cos gobernos de África no desenvolvemento de sistemas e tecnoloxías sanitarias que xa demostraron a súa eficacia no primeiro mundo. VIHDA traballa na actualidade no hospital público do distrito de Maragua, no que co financiamento da Deputación da Coruña remataron este outono a ampliación da maternidade que lles dará cobertura a máis de 12.000 mulleres. Co mesmo apoio, atópase xa en funcionamento o primeiro equipo de ecografías posto ao servizo da poboación keniana nun hospital público deste país. Ademais, impulsan, en apoio ao goberno na loita contra a sida, un programa de formación para os profesionais sanitarios kenyanos, nas esferas da prevención, detección e tratamento da enfermidade.

Rosa Carracedo, enfermeira cooperante de FUDEN, trasladou os problemas cos que o persoal sanitario de América Central se enfronta aco- tío: pandemias como a sida e a

tuberculose, pero tamén enfermidades erradicadas no primeiro mundo, traballando con vontade e imaxinación. Tamén mencionou os obstáculos engadidos da xeografía e a climatoloxía, especialmente áspersos. Así, destacou o exemplo das brigadas de asistencia sanitaria que percorren as zonas indíxenas máis pobres de Nicaragua a través da selva, arriscando as súas vidas para levar a saúde ás zonas máis inaccesibles. Dende o seu punto de vista, o enriquecemento persoal, cultural e, sobre todo, profesional que supón a cooperación compensa todas as penalidades que se viven sobre o terreo.

60 ANOS DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Un ano máis, o día 10 de decembro, conmemorouse o aniversario da Declaración Universal dos

Dereitos Humanos. O entendemento do desenvolvemento como un dereito fundamental impulsa a cooperación galega a salientar de modo especial esta data. Para iso, desenvolvéronse dúas actividades en dúas cidades da xeografía galega.

En Lugo, co gallo do paso da exposición Achégate! 2008, os rapaces da cidade representaron un conto solidario. O alcalde da cidade finalizou o acto meténdolle á pobreza un simbólico gol e derrubando do mesmo xeito o muro das malas novas.

En Pontevedra, organizouse unha multi-videoconferencia con cooperantes galegas de seis países, as cales trasladaron o contido do seu traballo cotián na coordinación de programas e seguimento de proxectos. Os persoeiros falaban así coas responsables dos programas

e iniciativas promovidas directamente polo Goberno galego en Guatemala, República Dominicana e Perú; e tamén con cooperantes en formación destinadas en Ecuador, Bolivia e Senegal.

En Guatemala, a viguesa Ana Amaro coordina o Programa de desenvolvemento integral Oxlaju Tz'ikin, nos municipios de Retalhuleu e Champerico, onde máis de 20.000 persoas de 18 comunidades indíxenas contarán coa cooperación galega para desenvolveren, nos catro vindeiros anos, os seus servizos básicos de educación e saúde, infraestruturas de vivenda e saneamento e iniciativas produtivas no eido da alimentación.

En Perú, a coruñesa Lorena Peillet coordina a identificación de necesidades e programación das liñas estratéxicas do Programa de cooperación directa na provincia amazónica de Chiriaco, ademais de avaliar os proxectos desenvolvidos pola cooperación galega na subconca de Chipillico, rexión de Piura.

Na República Dominicana, a coruñesa Lucía López coordina o Programa de desenvolvemento integral dedicado a rehabilitar e desenvolver o contorno do vertedoiro de Santiago de los Caballeros, onde viven preto de 500 familias.

No Senegal, Jara Campelo, nada en Marín, colabora no seguimento do



proxecto educativo de Ecodesarrollo Gaia en Yoff-Thongor; do proxecto de cultivo experimental do mexillón desenvolto pola USC e mais dun programa integral sanitario na vila Saint Louis. Tamén está a identificar necesidades para un proxecto piloto de codesenvolvemento na aldea de Dima Alwaly e axudando a preparar o borrador do plan de actuación País.

En Bolivia, Patricia Ramos, de Santiago de Compostela, colabora no seguimento do proxecto educativos de Paz e Desenvolvemento en Santa Lucía-Yocalla, do proxecto de desenvolvemento local de Solidariedade Internacional no municipio de Quime e doutro sanitario no Hospital 1.º de Mayo en Santa Cruz de la Sierra. Tamén está a participar no Programa de gobernabilidade e xénero e no proxecto da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela, Fortalecemento da Administración descentralizada de Bolivia.

No Ecuador, Esther Castro, nada en Baiona, está a realizar prácticas no organismo subsidiario das Nacións Unidas para a muller, UNIFEM, traballando especialmente na incidencia da pandemia do VIH en mulleres e nenas. Tamén colabora no seguimento dos proxectos da cooperación galega e na elaboración do plan de actuación País.

PRIMEIRO ENCONTRO DA COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA

O primeiro encontro de comunidades autónomas en cooperación ao desenvolvemento, organizada pola Comunidade de Aragón, desenvolveuse en Zaragoza do 1 ao 4 de xullo.

O encontro xerou debate dentro da cooperación descentralizada e sentou as bases para concretar canles e ferramentas de harmonización da axuda oficial ao desenvolvemento das comunidades autónomas. Os temas fundamentais que se trataron foron, polo tanto, a coordinación e a complementariedade como retos, a cooperación directa e a axuda multilateral, o seguimento e a avaliación, a concertación dos criterios das subvencións e, xa sectorialmente, o papel da auga no desenvolvemento sustentable.

A achega de Galicia fixo mención ao desenvolvemento do primeiro plan director da cooperación galega, xa no seu terceiro ano de vixencia. Igualmente, explicáronse as distintas iniciativas de cooperación directa, como os programas de pesca en Centroamérica ou de desenvolvemento integral en Guatemala. Tamén se presentaron as distintas ferramentas para a execución de iniciativas por parte dos axentes da cooperación galega, como os proxectos e microproxectos de cooperación ao desenvolvemento, a nova convocatoria de programas e as con-

vocatorias de sensibilización e fortalecemento, así como a forte aposta pola profesionalización do sector, coa significativa ampliación das bolsas de formación.

Galicia é a primeira comunidade que concentra os proxectos de cooperación, sensibilización e fortalecemento nunha soa convocatoria e que se anticipou á reforma das canles de subvención para a cooperación, coa adaptación da nova Lei galega de subvencións, en aspectos como: eliminar avais bancarios, anticipar o 100% da anualidade en vigor ou aplicar procesos simplificados de xustificación.

Recalcouse a importancia da elevación dos niveis de esixencia, austeridade e calidade das actuacións, que





deben ser tidos en conta polos propios doadores e por todos os actores na cooperación ao desenvolvemento, para maximizar o impacto das actuacións nos países beneficiarios fronte a outro tipo de criterios.

Incidíuse, así mesmo, sobre a coordinación no terreo como clave fundamental nas accións de cooperación, pois nel comeza e remata o proceso e nel baséase a sustentabilidade efectiva.

A COOPERACIÓN GALEGA CELEBRA O SEU PRIMEIRO FORO DE DEBATE

O I Foro de Debate da Cooperación Galega, enmarcado no plan de formación e fortalecemento 2008 Coopera, xúntate, promovido pola Direc-

ción Xeral de Cooperación Exterior e a Obra Social Caixa Galicia, celebrouse entre os días 13 e 14 de novembro na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo do foro de debate foi lograr un espazo de intercambio de experiencias e reflexión compartida con todas as entidades facilitadoras da cooperación galega que permita compartir o horizonte de traballo no eido da cooperación para o desenvolvemento impulsada dende Galicia, aproveitando o actual proceso de avaliación intermedia do Plan director de cooperación para o desenvolvemento 2006-2009, principal estratexia da cooperación galega.

No marco deste foro tivo lugar a conferencia de Susan George “We can escape from the crisis and save the Planet?” A presidenta de honra de ATTAC Francia analizou as consecuencias da globalización neoliberal no marco da vixente crise económica e propuxo un novo modelo de desenvolvemento económico baseado na loita contra o cambio climático. Para Susan George, existen tres crises: a crise social de pobreza e desigualdade, a crise financeira actual e a crise climática. Tal e como expuxo, “cada crise aliméntase e refórzase coa outra” e a solución estriba en “aproveitar a oportunidade que representa a crise financeira para reverter tamén as outras dúas, oportunidade tremenda que non vai durar moito

tempo”. A doutora George tamén fixo fincapé no papel que deben desempeñar os cidadáns “facendo presión aos gobernos”, sen esquecer que foros coma o G-20 “non representan o mundo enteiro nin os cidadáns, senón que cómpre ter mellores canles de expresión para que a xente poida ser consultada”.

UNICEF PREMIA A POLÍTICA DE COOPERACIÓN DESENVOLVIDA POLA DIRECTORA XERAL

A directora xeral de Cooperación Exterior, Fabiola Sotelo, recibiu o Premio Nacional de Cooperación para o Desenvolvemento do Fondo de Nacións Unidas pola Infancia (UNICEF-Comité Español), polo seu “esfuerzo persoal e institucional a prol dunha política de cooperación baseada na loita contra a pobreza e o desenvolvemento sustentable”. A súa xestión encádrase nunha nova filosofía para Galicia de entender a cooperación para o desenvolvemento como política pública e profesional. Así, durante o seu mandato:

- Aprobouse o I Plan director da cooperación galega 2006-2009, estratexia que está a permitir xestionar con rigor os seus obxectivos, accións e resultados.
- Conseguiuse a introdución de melloras substanciais na nova Lei galega de subvencións para facili-

tar o financiamento das accións de cooperación aos axentes galegos (ONGD, universidades, empresas, sindicatos...).

- Creouse a primeira comisión de traballo dedicada a promover o comercio xusto e o consumo responsable en Galicia, coa participación de todos os actores implicados neste eido.
- Forneceuse o sector da cooperación promovendo alianzas con axencias multilaterais como a FAO, UNIFEM, PNUD ou a Organi-

ción sobre o terreo, incrementando o número de expatriados na coordinación de programas, así como os labores de asistencia técnica cualificada tanto en Galicia coma nos países prioritarios de actuación, no pulo por conseguir que o ciclo do proxecto se xestione de xeito íntegro por axentes galegos de cooperación en aliñamento cos beneficiarios.

- Fíxose prioritaria a integración e o logro de sinerxías entre diferentes sectores tecnolóxicos que poidan achegar dende Galicia un valor máis ao desenvolvemento e ao aproveita-



zación de Estados Iberoamericanos (OEI), a axencia española AECID, as universidades de Galicia, a Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

- Favoreceuse a profesionalización do sector da cooperación galega, cuaduplicando as bolsas de forma-

mento sustentable dos recursos: xestión de residuos, enerxías renovables ou formación e investigación pesqueira e agropecuaria, entre outros.

Os premios entregáronse o pasado 3 de outubro no Museo Thyssen Bornemisza de Madrid, nun acto presidido pola Súa Alteza Real, a infanta dona Margarita.

POSTA EN MARCHA DO MAIOR PROGRAMA DA COOPERACIÓN GALEGA EN GUATEMALA

Cinco ONGD galegas asinaron un convenio para a execución dunha iniciativa de desenvolvemento integral (IDI), dirixida a 20.000 persoas de 18 comunidades indíxenas da costa sur de Guatemala.

O convenio coas ONGD galegas executará o programa Oxlajutz'ikin (Día de Fortuna, no calendario maia) nos concellos guatemaltecos de Retalhuleu e Champerico. Todas elas son entidades con recoñecida solvencia técnica nos diversos sectores de actuación do programa: Arquitectos sen Fronteiras (ASF), Solidariedade Internacional (SI), Farmacéuticos Mundi (Farmamundi), Educación sen Fronteiras (ESF) e ACSUR Las Segovias.

O programa consiste en deseñar as vivendas e ordenar os espazos comunitarios, ademais de apoiar a capacitación dos seus habitantes nas técnicas necesarias para edificarlas: traballar na mellora das condicións hixiénico-sanitarias das mesmas comunidades, construíndo sistemas de auga potable e saneamento e formando os seus membros nas técnicas de mantemento das infraestruturas. Implementar un sistema de abastecemento e regulación de medicamentos esenciais, que promova a medicina natural e os tratamentos tradicio-



nais. Na liña educativa, cómpre identificar cinco eidos de actuación que recollen dende o proceso de mellora da calidade na etapa primaria, ao fortalecemento da comunidade educativa, da formación de mestres e, incluso, o apoio á construción de edificios escolares en dúas comunidades concretas. Promover unha cultura de prevención de desastres, colaborando na implementación de plans de emerxencia comunitarios e municipais, especialmente necesarios nunha zona de risco como é a conca do río Samalá.

As cinco ONGD galegas traballarán coas institucións municipais e oito organizacións sociais guatemaltecas.

O labor de todas elas é coordinado por dúas responsables de cooperación galega, unha en Guatemala e outra en Galicia, que se encargan

de que o programa se axuste a un dos obxectivos primordiais da Xunta de Galicia: a nosa contribución cos procesos de desenvolvemento.

PRIMEIRA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN EXTERIOR

A convocatoria de programas no exterior conformouse como unha nova ferramenta, paralela a establecida polas iniciativas de desenvolvemento integral (IDI) da cooperación directa, que incentiva o traballo sobre procesos de desenvolvemento e xa non só sobre proxectos.

Os programas son instrumentos que garanten, a través do seu deseño a medio prazo, a coherencia das accións, a definición conxunta cos beneficiarios e a complementariedade con outras institucións, organismos e entidades doadoras, así como un mellor impacto das intervencións de desenvolvemento.

Tal e como se desprende do Plan anual 2008, e en consonancia coas prioridades establecidas nos plans de actuación por país, os programas comprenden actuacións dunha maior envergadura que os proxectos e contarán cun apoio financeiro superior. Estas actuacións desenvolveranse ao longo dun período temporal dun máximo de catro anualidades orzamentarias.

Para recibir financiamento con cargo a esta convocatoria de axudas, as entidades solicitantes deberán contar coa capacidade financeira, de xestión, social e estratéxica necesaria para executar os programas, tal e como veñen esixindo outras entidades financeiras públicas españolas que están a empregar este instrumento.

Nesta primeira ocasión, adxudicáronse 4 programas, por valor de 2,7 millóns de euros, nos sectores da cobertura das necesidades sociais básicas e do apoio ao desenvolvemento do tecido produtivo.

En Honduras e Nicaragua, a Fundación Entreculturas desenvolverá un programa de formación profesional para 1.720 mozos en situación de vulnerabilidade.

En Angola, Jóvenes del Tercer Mundo executará un programa de educación primaria que mellorará a calidade educativa dos 2.000 alumnos do Centro Educativo Don Bosco, fillos e fillas de pescadores do barrio de Nosa Señora de los Navegantes.

En Guinea Bissau, rexións de Oio, Cacheu e Bafatá, a Asociación pola Paz e o Desenvolvemento axudará as mulleres a xestionar os seus recursos de xeito sustentable e rendible, mellorando as condicións de vida de máis de 14.000 persoas.



Tamén en Guinea Bissau, nas rexións de Quinara e Tombalí, Asemblea de Cooperación Pola Paz contribuirá na prevención, diagnose e tratamento da infección de VIH/SIDA de 24.135 usuarios directos do centro asistencial, campañas de sensibilización e cursos formativos que constitúen o programa.

BOLIVIA ESCOLLE O MODELO AUTONÓMICO GALEGO COMO REFERENCIA DO SEU PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN

Bolivia vive unha difícil situación política polas súas condicións de pobreza, desigualdade, exclusión social e crise das institucións do Estado. Ademais, na actualidade atópase inmersa nun proceso de descentralización.

O tema da reforma político-administrativa é un dos retos que actualmente ocupa a axenda política e a preocupación da sociedade boliviana. Isto foi o que transmitiu a representación do

Goberno boliviano, cando solicitou directamente ante a Secretaría Xeral da Presidencia a colaboración da Xunta de Galicia nun proceso de transferencia de coñecemento no eido da descentralización, aproveitando o valor que Galicia acumulou ao longo destes anos no seu propio desenvolvemento autonómico.

O proxecto que se está a executar actualmente pretende dotar os funcionarios públicos, universitarios e clase política boliviana das ferramentas básicas que contribúan a facilitar a reforma administrativa necesaria na actual conxuntura política do país andino.

A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela traballará coa Universidade Pública de La Paz, así como coa de Santa Cruz, como parceiros.

Un dos sectores prioritarios da cooperación galega recollido no vixente plan director é o apoio á participación social, o desenvolvemento institucional e o bo goberno, como elementos constitutivos do Estado democrático e de dereito. O fortalecemento do Estado de dereito e o apoio aos procesos de descentralización foron tamén recollidos na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, na que se destaca a posibilidade de “intercambio de experiencias acumuladas pola Xunta de Galicia na

xestión dunha Administración pública descentralizada con outras administracións rexionais e locais dos países receptores e ao servizo dos cidadáns”.

COOPERACIÓN GALEGA NOS EUROPEAN DEVELOPMENT DAYS

Cooperación galega levou o seu programa de desenvolvemento integral en Guatemala á Mesa de Cooperación Descentralizada, durante a celebración dos European Development Days dos días 15, 16 e 17 de novembro.

Baixo o lema “When Davos meets Porto Alegre”, nun encontro presidido polo comisario europeo de Desenvolvemento, a directora xeral de Cooperación Exterior e o alcalde de Champerico presentaron unha iniciativa que vai beneficiar a máis de 20.000 persoas de 18 comunidades indíxenas da costa sur de Guatemala nos vindeiros catro anos.

O Programa Oxlajuj Tz’ikin execútase de acordo cos principios da Declaración de París, coa participación dos concellos de Retalhuleu e Champerico, oito organizacións guatemaltecas e cinco galegas, no desenvolvemento da educación e da saúde, da habitabilidade básica e o saneamento e de iniciativas de impulso do tecido produtivo.

COLABORACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL COA ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS

O Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa (IDIE) de Bos Aires foi inaugurado o pasado abril. O instituto representa un paso adiante nas intervencións en cooperación, xa que se dirixe a países cuxa capacidade de apropiación do *know-how* e de desenvol-



vemento de competencias técnicas son maiores, o que os fai idóneos para recibir proxectos de transferencia de coñecementos e tecnoloxías. O instituto conta cunha activa implicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ademais, arrincaron novos proxectos coa organización que inclúen o envío de dous cooperantes en prác-

ticas e a inclusión da Dirección Xeral de Cooperación Exterior e outras entidades galegas no programa de seguridade e cidadanía en Iberoamérica, nado a partir da iniciativa da OEI, a Xunta de Galicia, e os ministerios de Interior de Brasil e España. Este programa fai énfase en violencia xuvenil. Mortes e lesións produto da violencia, así como as carencias en seguridade cidadá, son freos para un pleno desenvolvemento. Dada a súa experiencia previa en Latinoamérica, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior integrouse na compoñente de xénero, mentres que a Asociación Érguete colabora no eido da violencia xuvenil.

O programa conta tamén coa colaboración de institucións como o Ministerio de Interior español, Prosegur ou a Fundación Real Madrid.

AXUDA AOS DAMNIFICADOS POLO CICLÓN NARGIS

Dados os cuantiosos danos rexistrados na zona, o presidente da Xunta de Galicia amosou o compromiso do Goberno galego coa poboación damnificada destinando unha axuda extraordinaria á fase postemerxencia en Myanmar (antiga Birmania), “ante a gravidade e o alcance da devastación”, polo paso do Ciclón *Nargis*.

Esta axuda adxudicada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior

para a súa execución a través de Save The Children centrarase na fase de reconstrución das zonas costeiras máis afectadas pola catástrofe, unha vez solucionados os problemas de acceso ao país.

Ademais desta importante achega económica, a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia procedeu ao envío dun paquete de asistencia sanitaria para atender a poboación damnificada. O Goberno galego uniu a súa achega en medicamentos aos xestionados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

LABORATORIOS NUPEL COOPERA CON PAÍSES EN VÍAS DE DESENVOLVEMENTO

Laboratorios Nupel, empresa establecida en Lugo, dedícase á produción de medicamentos xenéricos que distribúe en Europa, Asia, América Latina e África.

O acordo acadado para a distribución de medicamentos está en liña coa prioridade do I Plan director da cooperación galega que tenta crear sinerxías cos sectores punteiros da economía galega. Esta empresa comprometeuse este ano a destinar o 0,7% das súas vendas en Galicia a colaborar cos proxectos de saúde da cooperación galega, mediante a doazón de medicamentos.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Dirección Xeral de Cooperación Exterior

